

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

Materia	INGLÉS	Pág.	
Curso	3º de Educación Primaria		
Profesor/a	ELISA PAIS LÓPEZ		

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)**1ª AVALIACIÓN**

Preguntas e respostas de información persoal: nome, idade, enderezo.
Obxectos da clase.
Os números ata 100.
O abecedario.
Os días da semana.
Animais da selva.
Os seus gustos. Verbo like.
Os deportes. Verbo can.
Celebración de Halloween e Nadal.

2ª AVALIACIÓN

Adxectivos calificativos: tall, short, big, small, fast, slow.
As partes do corpo.
Verbo have got.
Os alimentos.
As prendas de vestir.
Celebración da Pascua.

3ª AVALIACIÓN

Rutinas diarias.
As horas en punto e e media.
Lugares da natureza.
Preposicións de lugar: in, next to, opposite, in front of, behind, on , under.
Aspectos da cultura británica e americana.

OBXECTIVOS

- Recoñecer as instrucións orais e escritas habituais na aula.
- Extraer a información xeral de textos orais e escritos sinxelos relativos a situacións coñecidas.
- Empregar a lingua inglesa como medio de comunicación na aula.
- Producir textos escritos breves sobre os temas traballados na clase.
- Expresar os seus gustos.
- Valorar a importancia de comunicarse nunha lingua estranxeira.
- Escenificar rimas, cancións e historias curtas.
- Ler de forma comprensiva textos breves axeitados ao seu nivel.
- Producir frases afirmativas, negativas e interrogativas coa entonación e o ritmo axeitado.

METODOLOXÍA

COMPRESIÓN ORAL: comprensión global de textos e comprensión específica de datos sinxelos en situacións habituais.

EXPRESIÓN ORAL: incorporación, de xeito xeral, de estratexias verbais e non verbais que lle permitan comunicarse na lingua estranxeira.

COMPRESIÓN ESCRITA: lectura de textos e libros axeitados a súa idade coa axuda do profesor, imaxes ou dicionario.

EXPRESIÓN ESCRITA: asociación dos sons coas palabras coa axuda de tarxetas.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

-Avaliación inicial para revisar e consolidar o aprendido.

-Avaliación continua e sistemática que acompaña ao proceso de ensinanza- aprendizaxe para determinar o grado de consecución dos obxectivos.

-Avaliación sumativa ao final do proceso para comprobar se os obxectivos foron acadados.

-Os instrumentos empregados: traballos, fichas, exames, situacións cotiás na aula, uso da pizarra dixital.